

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 16 DE ABRIL DE 2026 POLA QUE SE CONVOCA UN PROCESO SELECTIVO PARA A PARA A AMPLIACIÓN DA LISTA DE AGARDA DA ESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA, SUBESCALA DE ADMINISTRACIÓN, SUBGRUPO C2.

Coa finalidade de atender necesidades de persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS) de carácter exclusivamente temporal, a Universidade de Vigo dispón de listas de agarda resultantes, ben de procesos selectivos para persoal fixo, ben de procesos convocados especificamente con tal obxectivo.

Esta convocatoria encádrase no segundo tipo, considerando que na actualidade a lista de agarda da escala e subescala citadas está esgotada; deste xeito e de conformidade co disposto no artigo 2.3 do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo (DOG do 07/04/2009), tras a negociación cos órganos de representación do PTXAS, en exercicio das competencias recoñecidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, esta Reitoría resolve convocar un proceso selectivo que se desenvolverá de acordo coas seguintes

### BASES

#### 1. Normas xerais.

1. Normativa aplicable ao proceso selectivo, ademais das presentes bases:

- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP)
- Lei 2/2015, do 29 de abril do emprego público de Galicia (LEPG)
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aprobou o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.



- Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos da Universidade de Vigo.
- 2. Os actos do proceso selectivo publicaranse no taboleiro oficial da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

A data de efectos será o día seguinte ao da publicación.

Con carácter meramente informativo, tamén se publicarán na seguinte páxina:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/tipo/convocatorias-pas>

As consultas en relación co proceso poden realizarse a través do correo electrónico: [consultapas@uvigo.gal](mailto:consultapas@uvigo.gal) e do teléfono: 986 813 762.

## 2. Requisitos de admisión.

1. As persoas aspirantes deberán posuír na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter durante todo o proceso selectivo, os seguintes requisitos:
  - Ser nacional dalgún estado membro da Unión Europea, ou ben cónxuxe ou descendente segundo o establecido legalmente.
  - Ter cumpridos 16 anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
  - Posuír o título oficial de graduado en educación secundaria obrigatoria. Así mesmo, observarse o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase acreditar a validación ou, se é o caso, a homologación do título.
  - Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
  - Non ter sido obxecto de separación do servizo nin estar incurso en inhabilitación nos termos establecidos pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
  - Non pertencer como persoal funcionario de carreira á mesma escala e subescala á que se presenta como aspirante.
2. Ademais, as persoas candidatas pola quenda de promoción interna deberán:
  - Ter a condición de PTXAS funcionario de carreira con destino definitivo na Universidade de Vigo.



- Ter prestados 2 anos de servizos efectivos nesta con tal condición ou coa de persoal laboral fixo, no caso de ter accedido a aquela nas convocatorias de funcionarización da Universidade de Vigo.
  - Pertencer ao mesmo subgrupo o ao subgrupo inmediatamente inferior, ou grupo en caso de que este non teña subgrupo.
3. Quen non posúa a nacionalidade española ou non sexa nacional de países cuxo idioma oficial sexa o castelán, deberá demostrar o coñecemento da lingua española dalgún destes xeitos:
- Presentación xunto coa solicitude de participación dun diploma do nivel C1 ou superior, certificado de aptitude de español para estranxeiros expedido polas Escolas Oficiais de Idiomas, ou o título de licenciado en filoloxía hispánica, románica ou equivalente.
  - Realización dunha proba para acreditar coñecemento de castelán do nivel C1 esixido para a obtención do Diploma de español como lingua estranxeira establecido no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro. Quen non a supere quedará excluído do proceso selectivo.

### 3. Solicitudes.

1. O prazo para presentar as solicitudes comezará o día seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e rematará ás 23:59 do día 15 de maio de 2026.
2. A solicitude deberá presentarse exclusivamente a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, e unicamente a través dos procedementos dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Vigo, apartado Procedementos e trámites, sección PAS/PDI.
  - a. Para promoción interna: "SPAS – PI – Auxiliar Administrativa - Ampliación de listas."
  - b. Para acceso libre: "SPAS – AL - Auxiliar Administrativa - Ampliación de listas."
3. A documentación debe presentarse electronicamente e só se aceptará unha solicitude por persoa, noutro caso resultará excluído/a.
4. Ao enviar a solicitude, a persoa solicitante declara que cumpre cos requisitos de participación.
5. De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas estranxeiras extracomunitarias poderán usar medios de identificación electrónicos alternativos,



para o cal deben iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a [estranxeiros@uvigo.gal](mailto:estranxeiros@uvigo.gal).

6. No prazo de presentación de solicitudes, deberá achegarse:
  - a) a solicitude de participación
  - b) un índice detallado dos méritos alegados, que nomeará como “*índice*”
  - c) a documentación xustificativa dos méritos en formato PDF, nun único arquivo que denominará “*meritos*”; se o seu tamaño o requirise, poderá achegar máis dun, debendo engadir ao nome un número de orde: “*meritos01*”, “*meritos02*”, segundo corresponda
  - d) a documentación xustificativa do coñecemento de galego (Celga 3 ou superior) nun arquivo que se denominará “*galego*”; noutro caso, deberán realizar a proba de coñecementos indicada na base 5
  - e) a documentación xustificativa do coñecemento de castelán nun arquivo que se denominará “*castelan*”.
7. A Comisión de Valoración adoptará as medidas precisas para que as persoas cun grao recoñecido de discapacidade igual ou superior ao 33% gocen de similares condicións para a realización do exercicio co resto dos e das aspirantes; con tal finalidade indicarán no formulario de solicitude as adaptacións de tempo e/ou medios que consideren necesarias para a realización das probas e o seu motivo, polo que xunto coa solicitude achegarán un arquivo PDF denominado “*ditame\_tecnico*” que conterá un ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade, ou un informe médico oficial, suficientemente explicativo para que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións.

#### 4. Admisión de aspirantes.

1. A Universidade de Vigo verificará os datos requiridos por esta convocatoria, identidade, titulación e grao de discapacidade, mediante consulta na Plataforma de Intermediación de Datos, agás que a persoa interesada tivese expresado a súa oposición. Neste caso, deberá acreditarlos xunto coa solicitude de participación, en formato PDF nun arquivo que denominará “*identidade*”, “*titulacion*” e “*discapacidade*”, en cada caso.
2. A relación de persoas admitidas e excluídas provisionalmente publicarase no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo, abríndose un prazo de sete días naturais para a rectificación das causas de exclusión así como para acreditar a exención das probas de idiomas, no que so se admitirá documentación dirixida a este fin e para o que se deberá utilizar o formulario dispoñible na sede electrónica:



<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1259161> denominado “SXER - Emenda e mellora da solicitude”.

Posteriormente publicarase a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

## 5. Proceso selectivo.

Consta de dúas fases: valoración de coñecementos e valoración de méritos. As probas de coñecementos realizaranse no mesmo día.

### A. Coñecementos.

1. Test escrito, obrigatorio e eliminatorio: constará de 80 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só 1 será a correcta; incluírá 8 preguntas de reserva que deben responderse. As respostas erróneas non descontarán do valor da resposta correcta.

Cualificarase cun máximo de 70 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 35 puntos para superalo. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 120 minutos.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite o último día de presentación de solicitudes, contén con publicación oficial no boletín ou o diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

2. Test escrito sobre lingua galega: constará de 20 preguntas con 4 respostas alternativas, das que só 1 será a correcta; incluírá 2 preguntas de reserva que deben responderse. As respostas erróneas non descontarán do valor da resposta correcta. O tempo máximo de realización deste exercicio será de 30 minutos. O nivel de coñecementos requirido equivalerá a Celga 3.

Valorácese como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter a cualificación de apto para o que se requirirá obter un mínimo de 10 preguntas correctas. Estará exento/a de realizar esta proba quen acreditara estar en posesión do Celga 3 na forma e prazo establecidos nesta convocatoria.

### B. Méritos: valoraranse cun máximo de 30 puntos.

- a) Experiencia laboral: valorarase a experiencia laboral na mesma subescala ou escala, de non existir subescala, de idéntico subgrupo ou grupo profesional, de non existir aquel, ate un máximo de 24 puntos (para estes efectos, terase en conta o disposto no artigo 13 do Acordo de funcionarización de persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo).

1. Experiencia na Universidade de Vigo: a razón de 0,16 puntos por mes (30 días) traballado. Certificarase de oficio.



2. Experiencia noutras administracións públicas: a razón de 0,10 puntos por mes (30 días) traballado.

Deberá acreditarse mediante certificación do órgano competente comprensiva do corpo, escala, subescala, grupo ou subgrupo de titulación, tipo de persoal, funcións e períodos.

- b) Formación: ata un máximo de 6 puntos; valorarase a formación directamente relacionada coas funcións da escala e a subescala, acreditada suficientemente e impartida por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ao esixido pola convocatoria ou afíns; neste último caso deberá acompañarse o programa académico indicando a duración das materias.

Os cursos puntuaranse a razón de 0,01 puntos/hora. Esta mesma puntuación recibirán os cursos de galego, igualdade, protección de datos e prevención de riscos laborais. No caso de acreditar máis dun nivel, puntuarase o de nivel superior e no caso de galego, so de ser de nivel superior ao esixido na convocatoria.

## 6. Comisión de Valoración.

1. Terá a categoría segunda das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25) e actuará de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. A súa composición publicarase xunto coa relación provisional indicada na base 4.2.
2. Corresponderalle avaliar os méritos someténdose na súa actuación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Poderá solicitar a designación de persoal asesor para a realización da proba de coñecemento. De consideralo necesario pode solicitar directamente das persoas aspirantes as aclaracións e/ou entrega de documentación adicional que considere necesaria.
3. Igualmente acordará o que proceda para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos ante o tribunal sexan corrixidos, sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e excluírá a aquelas que consignent nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.



## 7. Desenvolvemento.

1. A data de realización da proba publicarase cunha antelación mínima de 15 días naturais. As persoas aspirantes serán convocadas para a proba nun único chamamento e serán excluídas do proceso as que non comparezan, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente considerados pola comisión. Esta poderá requirirlles que acrediten a súa identidade en calquera momento.
2. Nos lugares indicados na base primeira publicaranse a folia de respostas e posteriormente as puntuacións provisionais da proba e dos méritos, detallándoas para cada un dos seus apartados; contra estas puntuacións poderase reclamar no prazo de 7 días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación.
3. Resoltas as reclamacións, a Comisión de Valoración elevará unha proposta definitiva á Xerencia, ditándose a continuación a resolución do procedemento pola reitoría, que se publicará.
4. As persoas candidatas pola quenda de promoción interna terán preferencia sobre os restantes. En caso de empate dentro de cada quenda, terá preferencia quen obtivese maior puntuación na proba e de persistir, quen obtivese maior puntuación na valoración dos méritos, na orde en que figuran.
5. Os méritos valoraranse por referencia á data de publicación da convocatoria; non se cualificarán os presentados fóra deste prazo, os que non se presenten de acordo co fixado nesta convocatoria, nin os carentes de xustificación ou de ser esta non válida ou insuficiente.
6. A Comisión de Valoración garantirá que as mulleres embarazadas ou lactantes realicen as probas en igualdade de condicións co resto de aspirantes. Se algunha delas non puidese realizar as probas previstas por mor de embarazo de risco ou parto, debidamente acreditado, poderían adiarse, sempre que con isto non se menoscabe a prestación de servizos da administración que convoca nin o dereito do resto de aspirantes, o que deberá ser valorado pola Xerencia.
7. As mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización do exercicio polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación ou, eventualmente, nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento da comisión, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos 5 días hábiles seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso da comisión ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.



A comisión acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente, tomando en conta ademais do alegado os dereitos dos demais aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables e as necesidades e intereses da universidade. Contra tal acordo non caberá recurso sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible, de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

## 8. Norma derradeira.

1. Finalidade: a finalidade deste proceso selectivo é ampliar a lista de agarda para atender as necesidades provisionais de persoal da escala e subescala indicadas, polo que o persoal que forme parte dela unicamente será nomeado persoal funcionario interino, sen que poda alegar a superación deste proceso selectivo para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira. De ser o caso, esta lista de agarda terá carácter subsidiario das xerais derivadas da convocatoria para persoal fixo correspondente, tanto de promoción interna como de acceso libre.
2. Os actos administrativos que se deriven da presente resolución e das actuacións da comisión de valoración poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Polo feito de participar no presente proceso selectivo, os aspirantes sométense ás bases desta convocatoria e ao seu desenvolvemento, así como ás decisións que adopte a comisión de valoración, sen prexuízo das reclamacións pertinentes. A comisión de valoración está facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a correcta orde das probas selectivas, en todo o non previsto nas bases.
3. Notificacións: mediante a admisión das presentes bases, os aspirantes aceptan que a Universidade de Vigo practique as notificacións por medios electrónicos a través da súa posta a disposición na sede electrónica da Universidade de Vigo.
4. Principio de igualdade de trato: esta convocatoria cumpre o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso o emprego público, de acordo co artigo 14 da Constitución Española, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de Mulleres e Homes e a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.
5. Protección de datos. De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes



datos e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación do procedemento selectivo e amparados pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e os estatutos da Universidade de Vigo.

6. Coa súa participación no proceso na convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia. Non obstante e co fin de prever riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419, [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)). Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e conservaranse durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.
7. As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, excluíráselles do proceso selectivo. Teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao devandito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderán exercerse a través do procedemento “*SXER - Exercicio dereitos sobre protección de datos*” na sede electrónica ou de forma presencial nas Oficinas Asistencia en Materia de Rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos lugares indicados para tal fin no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>. Igualmente, poderán dirixir a solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo, [dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal), ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).
8. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura  
Manuel Joaquín Reigosa Roger  
Reitor da Universidade de Vigo

## ANEXO: TEMARIO

1. A Constitución española de 1978: título preliminar; título I. Dos dereitos e deberes fundamentais; título III. Das cortes xerais; título IV. Do goberno e da administración.
2. O Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar; título I. Do poder galego; título III. Da administración pública galega.
3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título preliminar; título I. Dos interesados no procedemento; título II. Da actividade das administracións públicas; título III. Dos actos administrativos.
4. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título IV. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: capítulos I ao V; título V. Da revisión dos actos en vía administrativa: capítulo II. Recursos administrativos.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar: capítulo I. Disposicións xerais; capítulo II. Dos órganos das administracións públicas, seccións 1ª, 2ª e 4ª; capítulo III. Principios da potestade sancionadora; capítulo V. Funcionamento electrónico do sector público; título III, capítulos I e II.
6. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título I. Obxecto, principios e ámbito de aplicación; título III. Clases de persoal; título IV. Organización do emprego público; título V. Adquisición e perda da relación de servizo.



7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título VI. Dereitos e deberes individuais dos empregados públicos: capítulo I. Disposicións xerais; capítulo III. Mobilidade do persoal funcionario; título VIII. Situacións administrativas.
8. Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia: título III. Dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, capítulo II. Dos créditos e das súas modificacións; capítulo III. Execución e liquidación.
9. Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario.
10. Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Vigo, títulos preliminar, I e II.
11. Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.
12. Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso aos ensinos universitarios oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión.
13. Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
14. Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación: título II. Recursos humanos dedicados á investigación, capítulos I e III.
15. Regulamento da Sede electrónica da Universidade de Vigo, resolución do 2 de maio de 2019 (DOG do 13 de maio): título II. A sede electrónica, título III. A identificación e a autenticación electrónicas.
16. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: Capítulo III. Dereitos e obrigacións e o Capítulo IV. Servizos de prevención.
17. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: Título preliminar; Título VI: capítulo CII, III, IV y V.
18. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: títulos I, II, III.

